

Addenda ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

Santiago de Compostela, catorce de setembro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación dela, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra, don Javier Guerra Fernández, Presidente do Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, segundo consta no artigo 17 dos estatutos da fundación e no Decreto 81/2009 do 19 de abril polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome da Fundación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que en data vintecatro de novembro de dous mil cinco asinouse un convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, actualmente Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de acordo co decreto 1/2012, de 3 de xaneiro, polo que

se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, que, entre outras accións, contempla a implantación, en dita fundación, de ensinanzas da familia profesional de madeira e moble. Ditas ensinanzas impártense compartidamente nas instalacións do Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada e nas instalacións da citada fundación. Para os seguintes cursos escolares asináronse as correspondentes addendas.

2. Que este convenio establece na súa cláusula décimo quinta o importe dos gastos ordinarios específicos de funcionamento das ensinanzas da familia profesional madeira, moble e cortiza, en concreto o ciclo formativo de grao medio Fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Dito importe transferirase ao Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada, quen deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

3. Que para dar continuidade a estas ensinanzas faise preciso, ante o novo curso escolar 2012-2013, solicitar a ampliación do convenio. Por isto, as partes que interveñen acordan asinar unha Addenda, ao citado convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- O estipulado na cláusula décimo quinta do referido convenio, quedará redactado da seguinte forma:

Os gastos ordinarios específicos de funcionamento das ensinanzas da familia profesional madeira, moble e cortiza, en concreto o ciclo formativo de grao medio Fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estímense nun importe máximo de 30.050 euros, para el curso

escolar 2012-2013 e que se repartirán: 12.020 euros para o ano 2012 e 18.030 euros para o ano 2013, con cargo ao concepto orzamentario 15.06.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. Dito importe transferirase ao Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada, quen deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Segunda.- Esta addenda terá a vixencia do curso escolar 2012/2013. O convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarase curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Lida a presente Addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicadas.

O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O Presidente do Padroado da Fundación
de Exposicións e Congresos da Estrada

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: Javier Guerra Fernández